



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)  
[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

Sra. Directora xeral de ordenación e innovación educativa

De novo volvemos sobre o tema de Edixgal coa esperanza, que nunca perdemos, de que vostede se digne responder ás nosas demandas.

Dende a Confederación ANPAS GALEGAS apostamos por un ensino público de calidade e permanentemente actualizado. Somos conscientes da dificultade de modernizar todo un sistema que non partía da mellor circunstancia, coñecemos as eivas importantes na formación do profesorado, e acreditamos as mesmas eivas nas familias e no alumnado. E tampouco negamos o esforzo desa consellería por acadar ese obxectivo, malia que critiquemos en ocasións o camiño dese traballo.

A creación de programas como Edixgal que, aínda que é manifestamente mellorable, supón un avance necesario, como é necesaria a súa plena implantación nos centros, non pode facerse de calquera xeito, e sobre todo non pode facerse co mesmo grao de voluntariedade e arbitrariedade coa que se está traballando.

Para nós, é unha constante a recepción de queixas das familias sobre a implantación de Edixgal, e de feito estase xerando moita confusión e mesmo rexeitamento ao programa. Temos constancia de colexios onde xa andan a pensar en saír do programa, e mesmo están circulando enquisas entre as familias dalgúns centros con ese obxectivo. Para nós, que se cuestione retroceder nun programa que aínda non está totalmente implantado, é un problema preocupante. Non lle preocupa a vostede?.

Pero é certo que non nos estraña demasiado esta postura, sobre todo por parte das familias, se analizamos polo miúdo o que está a pasar: é imposible que tomemos en serio a modernización do ensino cando as materias que se están incluíndo no programa Edixgal son tales como educación física, relixión-proxecto competencial ou educación plástica e talvez algunha lingua.



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)  
[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

Estase repetindo a falsa modernización que supuxo o plurilingüísmo: utilizar materias de pouco impacto para cubrir unha estatística que permite dicir que estamos onde realmente non estamos, primeiro foi plástica en inglés, e agora é plástica en Edixgal; é o mesmo erro repetido. Iso non implica modernidade, tan só aparencia.

Como a teima principal desa consellaría cada vez que escribimos é dicir que son andrómenas nosas, imos acompañar a este escrito unhas poucas capturas de pantalla doutros tantos centros que teñen na súa páxina web o que estamos denunciando. Pero non pense que son casos illados, nin lles reproche o seu erro, isto é a tónica común no que está a pasar, pero non podemos perder o tempo en ir centro a centro a desvelar o que na consellaría deberan coñecer.

Pedímoslle que dende a súa dirección xeral aposten por un programa de ensino dixital realmente útil e eficaz que leve á esa modernización da que todas queremos gabarnos.

E solicitamos, ou esiximos, que dende inspección educativa controlen este despropósito na escolla de materias Edixgal, e eviten a tomadura de pelo tanto ao alumnado coma as súas familias que se está a producir.

Tomadura de pelo polo que xa explicamos, pero ademais evidente asalto económico ás economías familiares; porque, como denunciemos constantemente, o alumnado Edixgal non ten dereito a axudas para libros de texto. Dísenos que é porque teñen 6 materias nas que non pagan polos libros, é certo, non teñen que mercar libros de educación física, proxecto competencial ou plástica; pero si teñen que mercalos de todas as materias que quedan fóra do sistema.

E canto é o aforro en non mercar un libro de educación física, ou de proxecto competencial ?

En resumo, e por terceira vez nos últimos meses, pedímoslle que publique unhas instrucións claras sobre a xestión de Edixgal e sobre a aplicación do que xa publicaron na Resolución do 8 de marzo do 2022 . E que expliquen porqué este alumnado perde a posibilidade de acceder as axudas de libros de texto, por unha decisión arbitraria do centro escolar que en nada os beneficia.



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)  
[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

Sabemos que a coñece, pero ímoslle lembrar a súa propia normativa, que di, no punto cuarto da Resolución que mencionamos:

**1.4. No caso dos centros que se incorporen na etapa de educación primaria, deberán impartir todas as áreas en modalidade dixital.**

**1.5. Nos centros que se incorporen na etapa de educación secundaria obrigatoria, todo o alumnado deberá recibir un mínimo de seis materias en 1º, 2º, 3º e 4º da ESO a elección do centro en modalidade dixital, segundo o curso correspondente e tendo en conta que as materias de Relixión – Valores Éticos contabilizaranse, no seu caso, como unha única materia. Do mesmo xeito, todas as materias de libre configuración (agás a materia de libre configuración autonómica obrigatoria) computarán como unha única materia, de ser o caso.**

**2. A participación neste proxecto pode ser causa de exclusión noutras axudas ou subvencións para o mesmo fin convocadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade).**

Isto non son as instrucións claras que sempre demandamos, e así é como modernizamos a educación galega, sen criterio nin control.

Lembrámoslle novamente que temos solicitada e pendente unha reunión con vostede; non imos deixar de insistir tampouco nesa obrigatoriedade de recibir ás familias que vostede rexeita.

Compostela, na data da sinatura dixital deste escrito.

Saúdos



Fernando Lacaci – Presidente

Isabel Calvete – Vicepresidenta.